



ORDENANZA N° 14:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN
DOS SERVIZOS DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS**

—2019—



ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa os servizos que se presten nos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns:

- a) Concesións temporais dos cinceiros, criptas e nichos, renovación de ditas concesións nos termos da Ordenanza.
- b) Expedición dos títulos de parcelas, mausoleos, panteóns, cinceiros, criptas e expedición dos duplicados dos expresados títulos.
- c) Expedición de licencias para inhumacións, exhumacións e traslado dos cadáveres e restos.
- d) Expedición de autorizacións para transmisións do Dereito do dominio ou concesión a perpetuidade e do dereito de concesión sobre sepulturas ou parcelas entre particulares.
- e) Concesións temporais de cinceiros ou polo tempo da existencia do cemiterio, se este fose menor.
- f) Concesións temporais de parcelas ou polo tempo da existencia do cemiterio se este fose menor.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que alude o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que resulten beneficiarios dos servizos enumerados no artigo 1 deste texto.

ARTIGO 3.- RESPONSABLES

1. Serán responsables solidarios xunto cos suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes dos servizos, no seu caso.
2. Ademais será de aplicación nesta materia o disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Gozarán da exención total no pagamento dos dereitos regulados na presente ordenanza:

- a) Os enterramentos na fosa de persoas mortas que estivesen regulamentariamente inscritas ou acollidas ó Padrón de Beneficencia Municipal ou Asistencia Social, sempre que os gastos de enterro non sexan, legal ou contractualmente, a cargo doutra persoa ou entidade.
- b) A expedición de Títulos, duplicados, certificacións, Documentos ou Expedientes relativos ós Servizos ós que se refire o precedente apartado coa mesma condición alí establecida.
- c) Estarán exentos das taxas correspondentes a expedición de licencias de inhumación ou enterramento, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

- 1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos **cun**



grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus graos", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o desfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.360 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.



Para desfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

- Certificado de discapacidade se é o caso

ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos	137,60 €
de cinceiros dobres	248,95 €
A.1.2. de criptas	137,60 €
A.1.3. de nichos	402,85 €
A.1.4 Párulos	222,75 €

A.2. Por período de 50 anos

A.2.1. de nichos	2.248,65 €
A.2.2. de cinceiros	392,25 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	392,25 €

Nas concesións a que se refire o apartado A.2 anterior, no momento en que o Negociado de Cemiterios notifique a iniciación do expediente para adxudicación requirirase xunto co certificado de empadramento, autoliquidación por trámite do expediente de concesión por importe de 31 euros.

No caso de que a concesión non fose levada ata o final sexa por renuncia, impago ou calquera outra causa imputable ó interesado, o expediente pecharase sen dereito a devolución do importe ingresado pola tramitación.

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos	89,65 €
de cinceiros dobres	169,60 €
B.2. de criptas	89,65 €
B.3. de nichos	270,10 €
B.4. de párulos	222,75 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos	21,20 €
--	---------



D. EXPEDICIÓN DE LICENCIAS

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
Adultos e párvulos	38,15	65,45	144,90 €
Fetos e restos anatómicos			16,70 €

D.2.Exhumación 49,50 €

As anteriores licenzas comprenden amais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. Hereditarios	31,55 €
E.1.2. Intervivos	561,75€

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. Hereditarios	31,55 €
E.2.2. Intervivos	169,60 €

E.3. de cinceiros

E.3.1. Hereditarios	10,30 €
E.3.2. Intervivos	42,20 €

E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. Hereditarios	222,75 €
E.4.2. Intervivos	843,15 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas,
por unidade e ano 35,70 €

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano,
unha ou dúas bocas de nichos 9,45 €
3 ou 4 bocas 17,65 €



F.3. Sepultura en terra por unidade e ano 2,80 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 6.- DEVENGO

Nace a obriga de contribuír por esta taxa no momento en que se inicia a prestación dos servizos, entendendo a estes efectos que dito inicio se produce coa solicitude dos mesmos, con excepción das taxas a que alude o apartado F) do artigo anterior que se devengan o 1 de Xaneiro de cada ano.

ARTIGO 7.- INGRESO

1. Os suxeitos pasivos efectuarán ingreso do importe da taxa relativa ós servizos sinalados nos epígrafes A.1, B) C) D) e E) do artigo 5 desta ordenanza, na Recadación Municipal polo procedemento de autoliquidación a realizar en impreso regulamentario que facilitará o servizo de Cemiterios. Non obstante, ó se tratar de servizos que prestan en sábado, domingo ou festivo, o importe da autoliquidación ingresarase no servizo de Cemiterios.

2. Nos restantes casos a excepción do epígrafe F) que se exacionará por padrón anual, a Administración de Tributos notificará a liquidación coa expresión de lugar e prazo de pagamento.

3. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 563,60 €

2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ao 50% do total do proxecto. 836,20 €

3ª liquidación

A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 848,85 €

Os acordos de adxudicación destas concesións por cincuenta anos estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2. do artigo 5 desta Ordenanza.. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

ARTIGO 8.- NORMAS ADICIONAIS

1. As concesións aludidas no apartado A.1 do artigo 5 de nichos e criptas de propiedade municipal será por 6 anos, sen que se admita outro período distinto. Estas concesións só poderán renovarse por un período de 4 anos e por unha soa vez.

2. As concesións de nichos e criptas só se outorgarán para a inmediata utilización dos mesmos, previa presentación da licenza de enterramento.



3. Transcorridos seis anos ou dez en caso de renovación -dende o enterramento retiraranse as cinzas das criptas ou nichos ao osario xeral ou cinceiro no seu caso.
4. O concesionario dun nicho poderá exhuma-las cinzas antes do termo da concesión, pero automaticamente perderá entón os seus dereitos e o nicho ou cripta quedará a disposición do Concello, sen que poida reclamarse a devolución de ningunha cantidade.
5. Enténdese caducada a concesión na que a renovación non se solicite nos 15 días seguintes á data de caducidade da licenza.
6. Prohíbese a concesión e renovación de sepulturas en terra, procedéndose a levantar as cinzas polo Servizo de Cemiterios cando se cumpra o tempo regulamentario de inhumación, retirando aquelas ao osario xeral.
7. As concesións outorgadas a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, serán intransmisibles por un período de 5 anos -contados dende o seu outorgamento- salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste Municipio.
8. As transmisións intervivos ou mortis causa, das concesións superiores a 6 ou 10 anos, entenderanse polo tempo que resta da devandita concesión.

ARTIGO 9.-

1. Só poderán inhumarse en sepulturas que non sexan de propiedade municipal, os cadáveres do titular, de familiares no terceiro grao de consanguinidade ou afinidade. Excepcionalmente, por mor de necesidade, apreciadas discrecionalmente pola Alcaldía e previo informe do Xefe do Negociado de Cemiterios, poderá autorizarse a inhumación en sepulturas particulares de persoas distintas das mencionadas.
2. Prohíbese en todo caso a inhumación en criptas ou nichos obxecto de concesión temporal de persoas distintas das mencionadas no apartado anterior ou do caso previsto no mesmo.
3. As exhumacións e traslados verificados antes dos cinco anos satisfarán dobres dereitos.

ARTIGO 10.-

Prohíbese terminantemente a concesión a perpetuidade de nichos e criptas de propiedade municipal.

ARTIGO 11.-

1. Nas exhumacións que se realicen, as lápidas existentes serán retiradas polos propietarios das mesmas no prazo máximo de cinco días naturais. Transcorrido o dito prazo, sen que fosen retiradas, o persoal municipal farase cargo delas para proceder a súa destrución.
2. A conservación, limpeza e ornato de todo xénero será por conta dos donos das mesmas. En caso de notorio abandono e trala cominación con resultado negativo, serán sancionados pola Alcaldía, con multas por desobediencias e feitas a custa destes as necesarias obras de adecentamento. A reincidencia será causa de caducidade da concesión, sen dereito a indemnización. Tratándose de sepulturas en propiedades non municipais, en estado de ruína, o Concello procederá a súa demolición e retirará os atributos e obxectos deteriorados sen indemnización ningunha.

ARTIGO 12.-

Para a colocación de cruces, lápidas, obxectos de adorno en xeral, para toda clase de obras en tódolos cemiterios municipais, solicitarase a correspondente licenza do negociado



correspondente e terase en conta o disposto na Ordenanza que regula a concesión de licencias para construcións e obras.

ARTIGO 13.-

As licencias para inhumacións, exhumacións e traslado de cadáveres, expedición de títulos, autorizacións para transmisións de titularidade, concesións e renovacións, serán expedidas polo Negociado de Cemiterios, por rigorosa orde de presentación de solicitudes.

ARTIGO 14.-

Para a concesión de cinzeiros requírese autorización da Alcaldía que se fará constar na instancia, e para a de parcelas necesitarase acordo da Comisión de Goberno previa proposta do Negociado de Cemiterios e informes de Arquitecto Municipal e Intervención de Fondos. Cumpridos os requisitos indicados, o citado negociado expedirá os títulos que serán entregados ós interesados no Rexistro Xeral, previa presentación no mesmo dos recibos acreditativos do pagamento dos dereitos ou taxas que correspondan.

ARTIGO 15.-

Os encargados dos cemiterios esixirán as autorizacións e xustificacións correspondentes ao servizo de que se trate, a fin de asegurar o cumprimento de tódalas prevencións na presente Ordenanza.

ARTIGO 16.-

O Xefe de Negociado de Cemiterios levará os rexistros, libros e planos necesarios para coñecer en todo momento o detalle e situación das propiedades municipais, concesións temporais, importe da recadación polos diversos conceptos desta Ordenanza e tódolos datos de interese para a boa marcha do Servizo.

ARTIGO 17.-

1. O Servizo de cemiterios, sen prexuízo da posterior comprobación pola Administración de Tributos, visará na marxe as autoliquidacións as que se refire o artigo 7.1 desta ordenanza previamente a que o solicitante realice o ingreso na Recadación.

2. No impreso multicopia de autoliquidación constará previamente a solicitude do servizo ou servizos de que se trate. Das cinco follas autocopiables, unha entregaráselle ao interesado como constancia da súa recepción, unha segunda quedará na Caixa Municipal como xustificante de pagamento, outra servirlle ao Servizo de Cemiterios para a súa tramitación. As dúas restantes remitiranse á Administración de Tributos e Intervención de Fondos.

3. Para os servizos solicitados en sábado, domingo ou festivo, o Servizo de cemiterios ingresará as autoliquidacións que procedan e será obriga do xefe de negociado de Cemiterios o ingreso na Recadación Municipal das cantidades percibidas xunto coas follas autocopiables que lles correspondan no inmediato día seguinte hábil. As autoliquidacións aludidas no parágrafo precedente irán xunto coa de relación detallada dos servizos prestados en sábado, domingo ou festivo asinada polo xefe de Negociado.

ARTIGO 18.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e Lei Xeral Tributaria.



DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O Concello adecuará o presente texto á lexislación estatal e autonómica ditada para a trasposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación as disposicións do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de Galicia, aprobado polo Decreto 174/98, a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.:	23 DE DECEMBRO DE 1992
	27 DE DECEMBRO DE 1995
	30 DE DECEMBRO DE 1996
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	27 DE DECEMBRO DE 2000
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	11 DE DECEMBRO DE 2009
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	30 DE OUTUBRO DE 2014
	7 DE DECEMBRO DE 2017